"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0188 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes por nacemento Daniel Vazquez Crespo]";"2/05/19 12:19";"SIA 1497631 -- Expediente 405/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"405/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0187 [DOMICILIACIÓN S BANCARIAS NOMINAS ABRIL 2019]";"2/05/19 9:14";"Resoluciones de pago";"80/2019";"Nóminas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0186 [DOMICILIACIÓN BANCARIA PAGOFINIQUITO ANGELES ROSAL MOLDES]";"2/05/19 9:14";"Resoluciones de pago";"80/2019";"Nóminas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0185 [GRATIFICACION PRODUCTIVIDADE ABRIL 2019]";"30/04/19 20:09";"SIA 1490779 -- 230 Personal -- Expediente 80/2019 -- A70302039 ABANCA -- NOMINAS 2019 --";"80/2019";"Nóminas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0184 [RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO.]";"30/04/19 14:18";"SIA 1490805 -- 200 Secretaría -- Expediente 704/2018 -- Múltiples interesados -- CONTRATACIÓN LABORAL FIXA. OFERTA DE EMPREGO 2018 DERIVADA DE PROCESO DE CONSOLIDACIÓN 2018 --";"704/2018";"Planificación e Ordenación de Persoal";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0183 [RESOLUCION DE CESAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL]";"30/04/19 14:15";"230 Personal -- Expediente 527/2017 -- Múltiples interesados -- CESE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL";"527/2017";"Convocatoria e probas de selección de persoal laboral [fixo/temporal] por concurso-oposición e constitución de bolsa de traballo";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0182 [Relacion Orden e transferencia mes de abril]";"30/04/19 11:43";"Relación de orden e transferencia de





Concello de Meaño

pagos mes de abril";"51/2019";"Proposta de Gasto";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0181 [Relacion aprobacion facturas abril]";"29/04/19 15:31";"Relación aprobación pagos abril.";"51/2019";"Proposta de Gasto";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0180 [RESOLUCION DE VALIDACIÓN E RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS]";"29/04/19 13:24";"SIA 1490933 -- 200 Secretaría -- Expediente 51/2019 -- Resolución de validación e resolución de discrepancia";"51/2019";"Proposta de Gasto";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0179 [Resolucion da alacaldia pagos abril dous]";"26/04/19 12:37";"Resolución da pagos mes de abril segunda";"51/2019";"Proposta de Gasto";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0178 [Resolucion Alcaldia Plan Axuste]";"25/04/19 10:48";"SIA 1490898 -- 300 Intervención -- Expediente 357/2019 -- RENDICIONS TRIMESTRAIS - PMP - MOROSIDADE - PLAN AXUSTE -- APROBACIÓN";"357/2019";"Información Económico-Financeira";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0177 [RESOLUCION DA ALCALDIA IMPOSICIÓN PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO]";"25/04/19 10:47";"SIA 1490813 -- 200 Secretaría -- Expediente 1323/2018 -- Múltiples interesados -- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA AMPLIACION DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE PARQUE PARADELA - PISTA DE EIRAS E CORTIÑA -- IMPOSICION DE PENALIDADES";"1323/2018";"Contratacións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0176 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA APROBACION CERTIFICACION DE OBRA]";"25/04/19 10:46";"SIA 1490813 -- 200 Secretaría -- Expediente 1323/2018 -- Múltiples interesados -- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA AMPLIACION DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE PARQUE PARADELA - PISTA DE EIRAS E CORTIÑA -- APROBACION DE CERTIFICACION DE OBRA";"1323/2018";"Contratacións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0175 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Fernando Lopez Fernandez]";"25/04/19 10:44";"SIA 1497631 -- Expediente 361/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"361/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0174 [Decreto da convocatoria Pleno eleccións]";"25/04/19 10:30";"Convocatoria sesión Pleno";"PLN/2019/4";"Convocatoria de 0 Pleno";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0173 [RESOLUCION NOMEAMENTO]";"24/04/19 14:25";"SIA 1490395 -- 200 Secretaría -- Expediente 220/2019 -- ELECCIONS XERAIS 2018 -- NOMEAMENTO MEMBROS MESA";"220/2019";"Eleccións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0172 [Resolución Alta Paadrón Municipal de Habitantes Angel Pombo Cacabelos]";"24/04/19 11:00";"SIA 1497631 -- Expediente 345/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"345/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0171 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio Ignacio Garcia Barreiro]";"24/04/19 10:58";"SIA 1497615 -- Expediente 360/2019 -- Solicitud de cambio de domicilio dentro do municipio --";"360/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0170 [Resolución Alta Padrón Municipal Habitantes Raul Castro Carro]";"24/04/19 10:54";"SIA 1497631 -- Expediente 362/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"362/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou





Concello de Meaño

Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0169 [Resolución Alta Padrón Municipal Habitantes India Mota de Lima]";"24/04/19 8:33";"SIA 1497631 -- Expediente 359/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"359/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0168 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio Maximino Cacabelos Garcia]";"22/04/19 12:29";"SIA 1497615 -- Expediente 349/2019 -- Solicitud de cambio de domicilio dentro do municipio --";"349/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0167 [RESOLUCION DA ALCALDIA SORTEO MESA]";"22/04/19 12:28";"SIA 1490395 -- 200 Secretaría -- Expediente 220/2019 -- Q2826039F Oficina del Censo Electoral, Juzgado de Primera Instancia e Instrucción Número 4 de Cambados -- SORTEO ELECCIONS XERAIS 2018 --";"220/2019";"Eleccións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0166 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Ana Isabel Burgos Requejo]";"22/04/19 12:27";"SIA 1497631 -- Expediente 348/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"348/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0165 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Jessica Stephanie Gonzalez Gossi]";"22/04/19 12:26";"SIA 1497631 -- Expediente 350/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"350/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0164 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes por nacemento Simon Cores de Magalhaes]";"22/04/19 11:30";"SIA 1497631 -- Expediente 363/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"363/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0163 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Rebeca Souto Blanco]";"22/04/19 11:28";"SIA 1497631 -- Expediente 346/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"346/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0162 [RESOLUCIÓN SORTEO MESA]";"12/04/19 14:08";"SIA 1490395 -- 200 Secretaría -- Expediente 220/2019 -- SORTEO MESA -- ELECCIONS XERAIS 2018 --";"220/2019";"Eleccións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0161 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA - LICENZAS URBANÍSTICAS]";"12/04/19 11:07";"LICENZAS URBANÍSTICAS ABRIL/2019";"329/2019";"Licenzas Urbanísticas";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0160 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes Ricardo Enzo Martinez Mingoranza]";"11/04/19 19:06";"SIA 1497631 -- Expediente 336/2019 --- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"336/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0159 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes Moises Alfonso Troncoso Piñeiro]";"11/04/19 19:06";"SIA 1497631 -- Expediente 326/2019 - -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"326/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0158 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes Isabel Luaces Garcia]";"11/04/19 19:04";"SIA 1497631 -- Expediente 286/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"286/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou





Concello de Meaño

Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0157 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes Manuel Cielo Naveiro Fontan]";"11/04/19 19:04";"SIA 1497631 -- Expediente 286/2019 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"286/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0156 [Decreto da convocatoria XGL 12/4/19]";"11/04/19 14:26";"Convocatoria XGL";"JGL/2019/8";"Convocatoria de A Xunta de Goberno Local";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0155 [Resolución alcaldía pagos abril]";"11/04/19 14:25";"Resolución pagos mes de abril";"51/2019";"Proposta de Gasto";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0154 [Resolución Alta Padrón Municipal de Habitantes Rocio Castelo Mendez]";"11/04/19 14:20";"SIA 1497631 -- Expediente 342/2019 --Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"342/2019";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación);"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0153 [RESOLUCION DA ALCALDIA DELEGACION FIRMA BODA]";"10/04/19 14:23";"Delegación de firma en expediente de matrimonio civil entre D. Manuel López Maquieira e D^a M^a del Mar Feal Dans --";"340/2019";"Celebración Matrimonios Cívís";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0152 [RESOLUCION DE CONTRATACIÓN DE MESTRE DA ESCOLA INFANTIL POR INTERINIDADE POR BAIXA DE ENFERMIDADE DE ELENA GARCÍA GONZALEZ]";"10/04/19 13:16";"SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente 903/2018 -- Múltiples interesados -- Selección de persoal escola música, Plan madrugada - aula acollida, limpadores/as, monitores actividades, Escola Infantil --";"903/2018";"Selección de Persoal e Provisión de Postos";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0151 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA]";"10/04/19 12:55";"SIA 1490395 -- 200 Secretaría -- Expediente 220/2019 -- Q2826039F Oficina del Censo Electoral, Juzgado de Primera Instancia e Instrucción Número 4 de Cambados -- ELECCIONS XERAIS 2018 --";"220/2019";"Eleccións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0150 [RESOLUCION DA ALCALDIA CONVOCATORIA UNIDADE TECNICA]";"9/04/19 14:45";"SIA 1490813 -- 200 Secretaría -- Expediente 239/2019 -- P3600000H Deputación de Pontevedra -- AMPLIACION E PINTADO DA ZNA DE APARCAMENTO DO CAMPO DE FUTBOL A TOXA -- CONVOCATORIA UNIDADE TECNICA";"239/2019";"Contratacións";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2019-0149 [RESOLUCION CONVOCATORIA UNIDADE TECNICA]";"9/04/19 14:44";"SIA 1490813 -- 200 Secretaría -- Expediente 1321/2018 -- CONTRATACION DA OBRA PAVIMENTACIÓN DA PISTA DE AXIS AO ALTO DE SIFÓN -- CONVOCATORIA UNIDADE TECNICA";"1321/2018";"Contratacións";"subscricións completa"

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 9 de abril de 2019 e o día 26 de xullo de 2019; sinalando o Sr. alcalde que se atopan a disposición dos membros do Pleno na secretaria-intervención e as que afecten a datos persoais deberán solicitar expresamente o acceso as mesmas.

C) Rogos e preguntas





Concello de Meaño

9º.- ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE (MI) SOBRE A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO DE PLAN MADRUGA COMPLETO NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN E SERVIZO DE COMEDOR E A APERTURA DURANTE TODO MES DE AGOSTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 ANOS. (EXP. 675/2019).

O Sr. alcalde da conta da solicitude contida no escrito presentado polo voceiro do Grupo Municipal do Veciñal Meaño Independiente, con data de rexistro de entrada 27-06-2019, n.º 2019-E-RE-297,

EXPONO:

Que tras a formación do novo Grupo de Goberno despois das pasadas eleccións do 26 de maio de 2019, e ante a oferta actual dos servizos de Axuda á Conciliación Familiar e Laboral xestionados polo Concello de Meaño (Plan Madruga, Campamentos de Verán: Meniñadas I-II e Brincadeira, e o Servizo de Gardería Municipal), e como vimos demandando de maneira reiterada durante toda a lexislatura pasada, solicitando unha ampliación e mellora dos servizos garantindo así unha oferta completa dos mesmos, posto que tal e como se están a prestar non cubren as necesidades reais dos veciños/as nesta época estival, ofertándoos cuns horarios insuficientes para compatibilizar a vida familiar e laboral

SOLICITO:

Que dende o Concello se garanta a implantación dun servizo de **Plan Madruga** completo nos **Campamentos de Verán** con horario de recepción dos nenos/as a partir das 7:30 h. así como dotalo con servizo de comedor que prolongue a cornada ata ás 16:00 h. para que as familias poidan conciliar a vida laboral e familiar.

Ademáis, que a **Gardería Municipal se manteña aberta durante todo o mes de agosto**, dende este verán de 2.019, sen pechar o servizo xusto cando as familias máis o precisan

Engade o Sr. alcalde que a petición formulada en relación coa Escola Infantil 0-3 anos, tamén a contempla o seu grupo no programa electoral pero o Concello é unha administración e hai uns procedementos que seguir e programalo de xeito inmediato é practicamente imposible polo o que hai que facer é estudalo para o próximo Orzamento. En canto á implantación do plan madruga completo e comedor nos campamentos de verán hai que estudalo.

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que é necesaria a creación





Concello de Meaño

da relación de postos de traballo, na Escola Infantil amósase a necesidade de contar con máis persoal porque as/os nenas/os hai que atendelos cando hai que atendelos. Esta necesidade tamén se fai extensible para o Centro Social Polivalente de Meaño porque as/os usuarias/os son dependentes que necesitan dunha atención continúa.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes, quen engade que ademais hai que poñer tódolos esforzos para evitar o peche polas tardes e no mes de agosto. A relación de postos de traballo resulta necesaria pero o indispensable é atender estas necesidades.

Queda tomada nota destas peticións.

10º.- ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG- PSOE PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISIS DAS FONTES DO MUNICIPIO, COA COLOCACIÓN DOS RESULTADOS E TEMPORALIZACIÓN DA REALIZACIÓN DESTES ANÁLISIS. (EXP. 677/2019).

O Sr. alcalde da conta do rogo contido no escrito presentado polo voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, con data de rexistro de entrada 04-07-2019, n.º 2019-E-RC-3266,

“A Agrupación Socialista de Meaño preocúpalle a saúde dos seus veciños. Por elo, leva, nestas dúas lexislaturas, denunciando a situación da potabilidade da auga das fontes de Meaño. A través dunha moción nosa, conseguimos que se analizase a auga.

Non obstante, na anterior lexislatura solicitamos a creación dunha ordenanza que regulase a análise de todas as fontes unha vez cada seis meses. O grupo de goberno votou en contra desta proposta, parecéndolles innecesaria.

De todo isto, desencadeouse a problemática que estamos a vivir nestas semanas, onde os veciños amosan o seu descontento coa actuación da alcaldía, pois retiraron os resultados das últimas análises feitas e, no seu lugar, puxeron uns carteis, indicando “auga sen garantía sanitaria”.

Ademais, non podemos deixar de informar aos veciños de meaño dos resultados das análises realizadas, pois, sería expoñer as vidas dos nosos veciños e que corran perigo por a falta de iniciativa por parte do equipo de goberno.

Por este motivo, solicitamos o seguinte:

ROGO: Que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para analizar a auga de tódas as fontes do noso concello e que, ao mesmo tempo, se poñan os resultados nas devanditas fontes.

Que é necesario fixar a temporalización da realización das análises, como mínimo, unha cada seis meses, para asegurar a longo prazo a cantidade de suministro de auga.”

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que as/os veciñas/os estanse vendo con graves problemas a hora de interpretar nos carteis “sen garantía sanitaria”, polo que consideran necesario que se coloque ao lado o resultado das análises.





Concello de Meaño

Toma a palabra o Sr. alcalde quen sinala que o anagrama de “sen garantía sanitaria” as/os veciñas/os estalle xerar rechazo polo que se pode instar a Xunta para que cambie este anagrama.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que en xuño presentaron unha moción que foi rexeitada polo PP e xa houbo ocasión para adoptar medidas.

Remata o Sr. alcalde sinalando que están pola labor de facilitarlle as cousas as/aos veciñas/os polo que toman nota deste rogo.

11º.- OUTROS.

* O Sr. alcalde da conta do escrito presentado polo voceiro do Grupo Municipal do Veciñal Meaño Independiente, con data de rexistro de entrada 18-07-2019, n.º 2019-E-RE-361.

EXPOÑEMOS:

-Temos no noso Concello catro clubs deportivos que compiten nas categorías seniors, tanto feminino, coma masculino, con equipos en diversas categorías deportivas e competindo pola xeografía galega. Estes serían o Unión Dena CF, CD Xil, Asmubal Balonmán e CTM GAM

-Que estando estes clubs de fútbol, balonmán e tenis de mesa, preto de comezar as diferentes tempadas deportivas en cada unha das súas competicións, e dado os importantes costes que deben asumir no seu inicio, nestas categorías seniors (pago seguros deportivos, material deportivo,...)

MANIFESTAMOS:

Que dende o Concello, e tal e como vimos propoñendo en anteriores ocasións, se faga un esforzo económico para axuda a estas diferentes entidades, que de maneira altruista veñen desenvolvendo unha acción social de gran importancia e repercusión entre os nosos veciños e veciñas, e que con moito esforzo se vai mantendo no tempo

Por todo ó anterior presentamos a seguinte

MOCIÓN:

Se someta a votación a tomar o acordo por parte de este Pleno para asinar un convenio de COLABORACIÓN-PATROCINIO ECONÓMICO, con estes clubs para esta tempada, e a manter no tempo, revisándose anualmente, e onde os clubs levarían o nome do Concello de Meaño nas súas indumentarias por toda a xeografía galega.

Engade o Sr. Alcalde que o Concello conta na actualidade con dúas liñas de axudas, mediante concorrencia e nominativas que se articulan mediante convenios.

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE o Sr. Radio Oubiña, quen sinala que todo que sexa





Concello de Meaño

beneficiar están a favor.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que presumimos de superavit e o que se propón é distinto as subvencións previstas no Orzamento; o que se propón son convenios de colaboración-patrocinio económico para clubs que compitan en categorías senior para axudarlle no arranque de temporada.

Remata o Sr. alcalde sinalando que todos están a favor desta propostas e haberá que estudalo.

* O Sr. alcalde da conta do escrito presentado polo voceiro do Grupo Municipal do Veciñal Meaño Independiente, con data de rexistro de entrada 18-07-2019, n.º 2019-E-RE-362.

EXPOÑEMOS:

-Que estando preto de començar o curso escolar 2019/2020 no próximo mes de setembro, e dado que temos no noso Concello un importante número de rapazas e rapaces que remataron a súa formación no IES de Coirón Dena, e deben continuar a mesma nun centro educativo fora do noso Concello, na súa maioría no Centro educativo IES de Vilalonga (Sanxenxo)

-Que moitos destes rapaces e rapazas farán uso do autobús escolar que os levará dende as nosas parroquias ata ese centro educativo (ou outros), o que ten consigo un coste económico importante para as familias

MANIFESTAMOS:

Que dende o Concello se debe facer un esforzo para axudar a estas familias

Por todo ó anterior presentamos a seguinte

MOCIÓN:

Se someta a votación a tomar o acordo por parte de este Pleno para crear de maneira inmediata unha bolsa de axudas (económicas), a que poidan ter acceso para cumprir co que entendemos a nosa obriga coas nosas veciñas e veciños, e coa educación das nosas nenas e menos, creando unha normativa para o seu reparto e a correspondiente ordenanza si fose necesaria

Sometido o asunto a deliberación, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que todo que sexa axudar ás/os estudantes están a favor.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que esta proposta se debería facer extensible aos estudantes universitarios. Engadindo que os estudantes teñen becas do Ministerio e da Xunta pero desde o Concello poderían implementarse.





Concello de Meaño

Remata o Sr. alcalde sinalando que haberá que estudalo de cara ao próximo orzamento.

* O Sr. alcalde cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas, formulándose as seguintes:

* Sr. Radío Oubiña:

ROGOS:

1- Rogos da pasada lexislatura:


No pleno celebrado o 11 de xuño do 2018, o Grupo de Goberno, comprométiase a actualizar o Regulamento das instalacións deportivas municipais, que nestes momentos tan só reflicta os pavillóns de Dena e Meaño. No actual regulamento non se teñen conta as restantes pistas deportivas, como o pavillón de Xil, a pista de pádel, a piscina municipal e as pistas deportivas ao aire libre de Dena, Simes, Cobas, Padrenda, Xil e Lores.

Pasou un ano dende ese compromiso, reflexado na acta de dita sesión, e aínda non se realizou a actualización do regulamento.

Así mesmo, ao longo da lexislatura pasada, aprobáronse propostas socialistas, que a día de hoxe seguen sen levarse a cabo, tal e como se detalla a continuación:

- Pleno do 13 de outubro do 2015, aprobouse por unanimidade instar á Xunta de Galicia a realizar a limpeza da Ría de Arousa. No mesmo pleno, aprobouse instar á Mancomunidade do Salnés á redacción de un Plan Turístico para Meaño.
- Pleno do 27 de abril do 2017, aprobouse pola unanimidade dos membros da Corporación, a creación de un regulamento de explotación do Punto Limpo do concello de Meaño.
- Pleno do 14 de agosto do 2017, apróbbase por unanimidade a creación de unha ordenanza para regular a tenencia e protección de animais de compañía.
- Pleno do 13 de agosto do 2018, aprobouse por unanimidade a modificación da Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboadas e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, así como a instalación de pictogramas nos edificios públicos do concello.
- Pleno do 10 de decembro do 2018, apróbbase por unanimidade instar ás empresas propietarias dos postes da luz e telefónicos a súa retirada, así como estudar a posibilidade de imporlles sancións económicas non atender ao requerimento do Concello. No mesmo pleno, tamén se aprobou a creación dun regulamento de participación cidadá.
- Pleno do 11 de febreiro do 2019, apróbbase por unanimidade a creación de unha ordenanza de protección contra a contaminación acústica.

Polo que formulamos o seguinte,





Concello de Meaño

ROGO: Que por parte desta Alcaldía se fagan tódolos trámites necesarios para cumprir os acordos plenarios, tal e como establece a Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réximen Local, no seu artigo 21.r), donde dispón que o alcalde é o presidente da Corporación e ostenta a atribución de ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.

2- As baldosas das aceras de Dena están en mal estado, polo tanto, rogamos que se revisen.

Contesta o Sr. alcalde que se está facendo.

3- En Meaño, xunto ao cruce despois do Rodiño, onde está o plátano, é necesario a instalación dun espello, sobre todo para os que acceden a esa carretera desde Os Agros e San Amaro. Contesta o Sr. alcalde que está de acordo

4- Reincidimos na necesidade de que no vial entre a área industrial de Padrenda-Xil e o parque do Barreiro, en Xil, se faga un ancheamento desa carretera, pois, o estreitamento impide que pasen dous vehículos.

5- Pedimos máis actividades culturais e máis variadas en futuras ocasións, este verán son escasas e dirixidas na súa maioría a un público moi concreto (para nenos).

7- En Axís (Simes), rogamos que se arregle a fonte de Lagarei.

8- Solicitamos que a cuota da piscina sexa máis barata para os residentes no verán, se faga máis promoción de bonos e a posibilidade de ampliar o horario.

9- Pedimos a limpeza do camiño de Cacheiro en Dena.

Contesta o Sr. alcalde que se está a actuar nas distintas parroquias pero que non se chega a todas a vez.

10- Solicitamos máis mesas para a praia das Cebolas en Lores. Esta xa a pedimos en pasados plenos porque é unha petición da Asociación de Veciños.

11- Pedimos a reparación e acondicionamento do Merendeiro de Reboredos en Abuín.

Contesta o Sr. alcalde que se empezou nas pasarelas de Os pasales e que se irá polos distintos lugares e tramos.

12- Meaño é o segundo núcleo urbano do noso concello. É en Meaño onde os veciños atopan servizos coma o CEIP As Cobas, o Centro de Saúde de Meaño, a Casa do Concello, o Museo da Muller Labrega, etc. Na última década veu experimentando un crecemento, xurdido a partir do empuxe da construción e do impulso da hostalaría e o pequeno comercio, facendo que haxa máis visitantes na capital municipal.

Por outra parte, a pirámide poblacional de Meaño indica unha tendencia ao avellentamento progresivo, polo que se poden prever, nun futuro cercano, maior número de persoas con mobilidade reducida.

Así pois, é preciso que as nosas estradas e beirarrúas se atopen nas mellores condicións posibles, para recibir de maneira axeitada aos nosos visitantes e para facilitar a súa mobilidade e a dos nosos veciños.

Isto non se vai acadar completamente ata que se complete a construción da beirarrúa que une a Rúa Campo da Feira- As Covas.

Polo que formulamos o seguinte,

ROGO: Que por parte do grupo de goberno e a Alcaldía se tomen todas as medidas





Concello de Meaño

necesarias, para rematar a urbanización das rúas Rúa Campo da Feira-As Covas, coa construción dunha beirarrúa, que conecte a Casa do Concello co Museo da Muller Labrega.

PREGUNTAS:

1- Fai unhas semanas metemos por rexistro un rogo sobre a solicitude á Deputación dos desfibriladores para as instalacións deportivas do Concello. Cantos se pediron? Onde os van poñer?

Contesta o Sr. alcalde que se solicitaron os catro que permitían as bases e para o campo de fútbol de Meaño, pavillón de Meraño, pavillón de Dena e piscina de Dena.

2- En Cobas, nas Campinas, hai un “estanque” de auga cuberto de maleza. Este deixou de ter uso. Que se vai facer con el? Vaise acondicionar? Tense pensado sinalizar pola súa perigosidade?

3- En Viliquín cambiaron un poste da luz. Deixaron o brazo de luz tirado. Días despois desapareceu e non se volveu repoñer o punto de luz. Tense pensado repoñelo?

4- Ante o plan de incendios ao que nos adherimos na lexislatura pasada, como é o seu funcionamento? A onde se teñen que dirixir para coller a auga? De que nos dota aos concellos como Meaño ese plan?

5- Vai haber oferta cultural no Museo da Muller Labrega no verán? E durante o inverno?

6- Xa hai informe da Xunta de Galicia sobre a pista de pádel, acerca de se é legal cobrarlle aos usuarios?

Contéstase que non hai.

7- Na pasada lexislatura, no pleno do 8 de abril de 2019, acordouse derogar a ordenanza de tráfico. Está derogada totalmente? Na páxina segue aparecendo.

8- Que sucede co transformador de Abuín? É legal? Que vai pasar coas portas, xa que parece ser que ocupan os 4 metros?

9- En que estado está a negociación polo aparcamento do Bartolo?

Contesta o alcalde, que ten un expediente sancionador, haberá que esperar a resolvelo.

10- En que estado está a limpeza da depuradora do Cunchal en Padrenda? Nesa mesma zona, hai pistas con socavóns, os cales se deberían de reparar.

11- O merendeiro da Chanca, en Dena, non conta con acceso para chegar a el. Está prevista unha solución para este problema?

12- Cal é a situación actual da cantina da piscina? Que vai suceder co resto das instalacións municipais e a venda e consumo de produtos dentro delas? Vaise regularizar a súa situación?

Contesta o Sr. alcalde que empezou a funcionar como veu sendo sempre. Presentaron un escrito e deixouse. A ningunha empresa lle vai a interesar como concesión pero si non pode ser na piscina tampouco poderá ser noutras instalacións deportivas.

* Sr. Ásprez Montes:





Concello de Meaño

Sinala, en relación coa anterior pregunta que, parece suxerir que a alguen lle molestaba a cantina. Na páxina web do Concello, só están colgadas ordenanzas reguladoras das TAXAS, NON do funcionamento ou do servizo de bar ou cantina na Piscina, certo?

Este grupo apoiou a moción que no seu día presentou o grupo socialista (igual que a maioría das 28 mocións que presentaron), moción sobre o “uso das instalacións deportivas” e teñan en conta que a piscina non está coma unha instalación deportiva.

Existen normas supramunicipales que regularían esta actividade, e só se necesita cumprir a lei, e por parte do Concello unha concesión, un acordo cunha entidade ou asociación sen ánimo de lucro do Concello,.. aprobada por este pleno e xa non se necesitaría ordenanza, pero si cumprir a lei.

Prefiren vostedes a situación de alegalidade ou ilegalidade na que estaba? Manteñen que nos provocamos o peche? Quen ordenou e porqué o peche deste servizo? Cando e como se vai reponer?

Conclúe solicitando que se solucione canto antes esta situación.

*Solicitamos unha nova redacción, modificación e actualización do ROM (Regulamento Órgánico do noso Concello), para antes do fin deste ano 2019 e co consenso de toda a corporación

*Non se nos dá acceso ás Resolucións da Alcaldía, só a través dunha petición expresa. Creemos se está a vulnerar o noso dereito de representación, nun exceso de celo por parte desta Alcaldía sobre a interpretación da Lei de Protección de Datos, e pedimos nos sexán postas a nosa disposición todas as Resolucións, tal e como se viña a facer ata agora, ou un informe que ampare esa decisión do Alcalde e no caso de como digo sentir vulnerados os nosos dereitos recurriremos a instancia que sexa necesaria.

*Quixera preguntar si coa decisión do Pleno anterior onde se acordou a composición das Comisións Informativas, según a proposta realizada polo noso grupo, foi contradictoria o que marca o ROM ou se axusta a legalidade?

Quero facer constar en acta a resposta de que se axusta a legalidade e regulamentos vixentes

*Cal será o horario no que queda de verán do Centro Polivalente (Día)?

*Cal é a situación da obra do transformador de Abuín. Ten fin de obra concedido? Certificado técnico de legalidade da obra segundo o proxecto de licenzia?

*En que participará ou como vai colaborar o Concello para que se implante o Plan Madruga no colexio As Covas de Meaño?

Contesta o Sr. alcalde que se está a estudar.

*Respecto do expediente sancionador do “Bertolo”, a que está referido?

Contesta o Sr. alcalde que a unha cuestión de orden público.

*Derogada a ordenanza de tráfico, que regula as competencias íntegra e exclusivamente municipais referidas e que antes se recollían mesa ordenanza?

*Sobre a posible concesión o noso Concello dunha subvención para adquisición de desfibriladores, solicitamos que se impartan cursos dende o Concello para o seu bó uso e manexo entre os potenciais usuarios dos mesmos

*Seguimos pedindo a grabación dos Plenos, tal e como comentamos en sesións anteriores, a última vez no Pleno de febreiro de 2018.

*Hai feita, ou prevista algunha modificación puntual do PXOM para algunha obra concreta, ou en algún lugar concreto do Concello?

*O recollido na Acta do Pleno de 10 de xullo sobre a votación secreta debe ser





Concello de Meaño

modificado e seguimos sen a contestación o escrito presentado sobre o acceso os votos desa elección. Voltamos a ver vulnerados os nosos dereitos e de non subsanarse esta irregularidade deberemos recurrir os organismos que nos deban amparar.

Rematadas as intervencións e ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinteunha horas e vintecatro minutos, estendéndose a presenta acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

